




12 de Maio



"Día Escolar das
Matemáticas"

A celebración do día 12 de maio como Día Escolar das Matemáticas elixiuse no ano 2000, declarado pola UNESCO Ano Mundial das Matemáticas. Elixiuse o día 12 de maio para conmemorar o nacemento do insigne matemático Pedro Puig Adam, que foi o iniciador da didáctica das matemáticas no noso país, e que naceu no 12 de maio de 1900.

Para esta celebración, na Biblioteca Infantil e Xuvenil preparamos unha selección de libros e pasatempos, onde ides comprobar que as matemáticas son verdadeiramente sorprendentes e divertidas.

Para ler...

DE 7 E 8 ANOS

- *El fantasma que odiaba las matemáticas / Rafael Ortega de la Cruz.*
- *100 enigmas matemáticos / Marie Berrondo-Agrell.*
- *El gran reto: laberintos / Rolf Heimann.*
- *El viaje en globo de Don Braulio / Stephen Holmes*

DE 9 A 12 ANOS


- *Números pares, impares e idiotas/ Juan José Millas.*
- *El mundo secreto de los números / Ricardo Gómez.*
- *¡Ojalá no hubiera números! / Esteban Serrano Marugan.*
- *La mansión de los laberintos (Aventuras matemáticas) / David Glover.*
- *Hasta el infinito y más allá / Clara Grima.*
- *Ernesto el aprendiz de matemago/ José Muñoz Santoja.*
- *El gran libro de las matemáticas del Ogro feroz / Gregory Ester.*

DE 12 A 18 ANOS

- *El asesinato de la profesor de matemáticas/ Jordi Sierra I Fabra.*
 - *Las matemáticas explicadas a mi hija / Denis Guedj.*
 - *El diablo de los números / Hans Magnus Enzesberger.*
 - *Malditas matemáticas / Carlo Frabetti.*
 - *¿Odias las matemáticas? / Alejandra Vallejo-Nágera.*
- *Póngame un kilo de matemáticas / Carlos Andradadas Heranz.*
 - *El señor del cero / M^a Isabel Molina.*

Para pasar un intre...

A cal dos cubos pechados corresponde o cubo aberto?



E como non podía ser doutro xeito, aquí deixámosvos algúns chistes matemáticos sacados do libro "Os Simpson e as matemáticas":

- Que lle dixo o número 0 ao número 8?
- Bonito cinto!

- Que lle dixo un número 3 a un número 30?
- Para ser como eu, tes que ser sincero.

- Papá, papá!, fásme o problema de matemáticas?
- Non, fillo, non estaría ben.
- Bo, téntao de todos os xeitos.

Adiviña os aniversarios

Proba os teus dotes de mago co seguinte truco, que che permitirá, grazas ás matemáticas, adiviñar a data de aniversarios dos teus familiares e amigos.

- ◆ Píde ao teu amigo que multiplique por 5 o número do mes no que naceu
- ◆ Dílle que lle engada 7
- ◆ Despois que o multiplique por 4
- ◆ Que lle sume 13
- ◆ Que o multiplique outra vez por 5
- ◆ Que lle sume o día do seu nacemento
- ◆ E por último, que lle reste 205

A primeira cifra do resultado corresponde ao seu mes de nacemento, e a segunda ao día.

Solución do cubáceo: C